

Recentes incorporacións de *ABiblio*(teca de Vilamartín)



# informa

## 11 (15 páxinas-pantallas)

*agricultura*

### ***Hortulus. Herbario medicinal do Mosteiro de Reichenau***

Reichenau, Walahfrid ; Vélez Latorre, Xosé Manuel.--  
Rinoceronte Editora, S.L., 2018.-- 112 ; 22 cm

"*Cómo pode morrer un home que ten sarxa no seu xardín?*", pregúntase o "Regimen sanitatis Salerni" arredor do ano 1100. O "**Hortulus**" é unha sorte de manual de xardiñeiro escrito por un monxe do século 9 (sobre o ano 840).

613. R. 9946

*comic. novela gráfica*

***Pyongyang***

Delisle, Guy ; Poutón, Belén.-- Rinoceronte Editora, S.L., 2018.-- 200 h. ; 23 cm

Retrato da cidade, capital de Corea do Norte.

087.5 R. 9949

***Fun home: unha familia traxicómica***

Bechdel, Alison ; Poutón Reboredo, Belén.-- Rinoceronte Editora, S.L., 2018.-- 258 ; 23 cm

Bruce Bechdel é profesor de inglés e dirixe unha funeraria, ademais de ser o pai esixente e distante de Alison. Só cando esta admite, xa na universidade, que é lesbiana, descobre que o seu pai tamén é homosexual.

087.5 R. 9954

*arqueoloxía*

***O Legado dos homes pequenos. Gravados rupestres de Cerdedo***

Colectivo Capitán Gosende.-- Morgante, 2018.-- 474 ; 24 cm

Periplo pioneiro, vagaroso e diletante pola arte prehistórica labrada nos pedregais deste antigo concello da Terra de Montes. Unha viaxe no tempo, un percurso apaixonante e apaixonado

polas 41 estacións petroglíficas cerdedenses e, asemade, polas 39 insculturas descubertas polo colectivo Capitán Gosende naquel territorio durante os últimos anos.

72 R. 9948

### *fotografía*

#### **Nos**

Arias, Tono.-- Dispara, 2012.-- 100 h. ; 22 cm

Fotografía de calidade en branco e negro (b/n).

77 R. 9956

#### **Aires de familia**

Gutiérrez Faílde, Xosé Lois.-- Dispara, 2014.-- 12 ; 18 cm

Fotografía de calidade.

77 R. 9957

### *teatro*

#### **Itinerario do botellón**

Graña Muíño, J.L.-- Fervenza, 2017.-- 75 ; 24 cm

Amosa os puntos de vista de diferentes colectivos sociais; non achega solucións nin ofrece un carácter moralista desta realidade, senón que unicamente a trata desde unha perspectiva obxectiva e nun ton humorístico, mais inzada de crítica.

792 R. 9958

## ***Somos criminais***

Prieto, José; Xosé A. Touriñán; Carlos Blanco.-- Edicións Positivas, S.L., 2018.-- 57 ; 21 cm

Temos unha cultura criminal propia? Delinquimos como galegos? Para responder a estas preguntas, Carlos Blanco e Touriñán analizan e dramatizan crimes autóctonos en todas as súas variables. A conclusión é clara: Somos Criminais.

792 R. 9959

*narrativa*

## ***Cartas das heroínas***

Ovidio ; Fernández Gómez, María Margarita.-- Rinoceronte Editora, S.L., 2018.-- 237 ; 22 cm

21 cartas de amor escritas e dirixidas aos seus amados polos personaxes femininos da mitoloxía e a literatura. nas que se abordan o olvido, a distancia, o abandono ou a perda.

8 R. 9947

## ***Como aprendín a ler***

Desarthe, Agnès ; Barcia, Moisés.-- Rinoceronte Editora, S.L., 2018.-- 123 ; 22 cm

Agnès Desarthe explica con humor a súa tortuosa relación coa lectura e como se

resistiu a ela durante a infancia e a adolescencia, ata que, xa en plena universidade, deu co libro axeitado. Hoxe, a palabra escrita ou lida é o seu medio de vida.

8 R. 9951

### ***Opinións dun pallaso***

Böll, Heinrich ; Araujo Cardalda, Laureano Xoaquín.--  
Rinoceronte Editora, S.L., 2018.-- 298 ; 22 cm

Hans Schnier, o pallaso que non precisa subir a un escenario para dicir a súa verdade, por embarazosa que sexa, relembra a súa vida e reflexiona sobre ela con humor, tenrura e desesperación, tecendo un relato sobre a memoria ambientado nunha Alemaña deshumanizada, inxusta, hipócrita e conformista, empeñada en esquecer a miseria moral do pasado. Cunha voz que está, sen dúbida, entre as máis potentes da literatura contemporánea, o pallaso que colecciona momentos sofre por un amor perdido mentres proclama que “o segredo do terror está no detalle”.

8 R. 9952

## ***A través do espello e o que Alicia alí encontrou***

Carroll, Lewis ; Queipo, Xavier ; Isorna, Fausto.-- El Patito Editorial, 2018.-- 166 ; 25 cm

A estupenda segunda parte de "Alicia no país das marabillas".

8 R. 9955

## ***A Obra***

Sperani, Bruno ; Soto, Isabel.-- Hugin e Munin, 2017.-- 173 ; 20 cm

No caso de A obra (1894), coa que a autora acadou un enorme éxito, Luisina Terragni exemplifica un camiño dende a resignación, tras ser seducida e enganada e vivir unha chea de desgrazas, até a rebelión, unha vez que coñece o verdadeiro amor co obreiro Francesco Bitossi. 8 R. 9965

## ***Novela de xadrez***

Zweig, Stefan ; Buxán, Patricia; Saleta Fernández.-- Cartoné Irmás, 2018.-- 81 ; 20 cm

Ao decatarse de que entre eles se atopa o campión mundial de xadrez, un grupo de pasaxeiros dun transatlántico decide retar o célebre xogador. A derrota parece inevitable, até que un misterioso personaxe intervéñ. 8 R. 9966

### ***Mocidade sen deus***

Horváth, Ödön von ; Buján Otero, Patricia.-- Cartoné Irmás, 2018.-- 209 ; 20 cm

Un mestre de escola reprende a un alumno por un comentario racista nunha redacción só para recibir as ameazas do pai do rapaz e a reprobación do director do centro. Esta é a premisa da que parte a que foi a derradeira obra do escritor austríaco Ödön von Horváth —e que lle custaría o exilio—. Escrita en 1937 e prohibida polo réxime nazi en 1938, *Mocidade sen deus* ofrécenos un relato, sutil e cru a un tempo, do imparable avance do pensamento totalitario no seu tempo, do paulatino embrutecemento dunha sociedade. 8 R. 9967

### ***Pasar***

Larsen, Nella ; Valdés García, Carlos.-- Cartoné Irmás, 2017.-- 156 ; 20 cm

Nova York, anos vinte. Irene Redfield e Clare Kendry son dúas mulleres afroamericanas de pel clara dabondo para pasaren por brancas. Irene, casada cun médico, vive comodamente instalada

nos selectos círculos da puxante burguesía afroamericana de Harlem. Clare, en cambio, está casada cun banqueiro branco e racista que descoñece a súa orixe racial. Cando as dúas mulleres se reencontran tras anos sen se ver, a colisión entre estas dúas maneiras opostas de vivir sacode as vidas de ambas até o máis fondo. Publicada en 1929, a segunda e última novela de Nella Larsen (1891-1964) ofrécenos un apaixonante relato sobre a ambigüidade, o perigo, a identidade e o desexo narrado cunha destreza e unha elegancia que cativan desde a primeira liña. 8 R. 9968

### ***A Virxe e o xitano***

Lawrence, D.H. ; Domínguez Araújo, Lara.-- Cartoné Irmás, 2017.-- 156 ; 20 cm

Finalizados os seus estudos no estranxeiro, as irmás Saywell, Yvette e Lucille, regresan ao fogar paterno, onde as agarda unha vida monótona e gris dominada pola presenza hostil da avoa e o rexeitamento familiar á figura de súa



nai, que abandonou a seu pai anos antes. Publicada postumamente en 1930, *A virxe e o xitano* foi recibida inmediatamente como unha das obras mestras de Lawrence, capaz de ofrecernos nas súas breves páxinas o brillante relato dun espertar espiritual, intelectual e sexual.

8 R. 9969

### ***Águilas sobre Bérxidum***

Cerezales, Fernando.-- Editorial Toxosoutos, 2018.-- 273 ; 20 cm

É unha novela ambientada durante os escuros tempos da invasión romana do noroeste de Hispania no 25 a.c. e nárrese en dúas partes. A primeira, "As mulleres de Bérxida", narra a chegada das lexións á zona de As Médulas, no actual Bierzo (León) a resistencia dos clans ástures locais e a posta en funcionamento da maior obra de enxeñería do imperio romano de tódolos tempos: a xigantesca mina de ouro doo Medulio.

8 R. 9970

## ***Arraiano entre arraianos***

Méndez Ferrín, X.L.-- Edicións Positivas, S.L., 2017.--  
183 ; 23 cm

Os textos que recollemos nesta publicación, coeditada por Edicións Positivas e a Revista Arraianos, son colaboracións xornalísticas de X. L. Méndez Ferrín no Faro de Vigo. Son artigos que cruzan límites e nos fan viaxar polas raias secas e as molladas, coma silandeiros lobos arraianos que transitan polos lindes e os intersticios dun mundo máxico e fuxidío, desfronteirizando a vella Gallaecia.

8 R. 9962

*sf*

## ***Oryx e Crake***

Atwood, Margaret ; Villar, Estela.-- Rinoceronte Editora, S.L., 2018.-- 426 ; 22 cm

“Home das Neves”, coñecido como Jimmy antes de que a humanidade fose devastada por unha praga, loita por sobrevivir nun mundo onde tal vez el sexa o derradeiro humano, mentres lamenta a perda do seu mellor amigo, Crake, e da fermosa e misteriosa Oryx, a quen os dous amaban.

8 R. 9953

### ***Dos días do porvir***

Wells, H.G. ; Tobar, Alejandro.-- Hugin e Munin, 2018.--  
136 ; 20 cm

Elizabeth e Denton son o que Isaac Asimov chamaría «medievalistas», o cal, nun contexto futuro, identifica aquelas persoas que rexeitan a vida urbana e o progreso tecnolóxico, avogan por unha volta ao rural e anhelan os usos e costumes do pasado.

8 R. 9963

### ***Os Salgueiros***

Blackwood, Algernon ; Tobar, Alejandro.-- Hugin e Munin,  
2018.-- 78 ; 20 cm

É, en palabras de H. P. Lovecraft, «o mellor relato sobrenatural xamais escrito» e «conforma en por si unha categoría especial da literatura espectral».

8 R. 9964

***Toca o piano borracho como un instrumento de percusión até que os dedos empecen a sangrar un pouco***

Bukowski, Charles ; García Sendón, Xosé.-- Edicións Positivas, S.L., 2018.-- 114 ; 22 cm

Ch. Bukowski (1920-1994) ofrece neste poemario os temas esenciais de toda a súa obra literaria: a angustia existencial e creativa, os amores frustrantes, o sexo, a defensa dos marxinados, as críticas ao sistema literario, e ao económico, político... 81 R. 9960

***Canto de min mesmo***

Whitman, Walt ; Freire, Xosé Manuel.-- Edicións Positivas, S.L., 2018.-- 107 ; 22 cm

Walt Whitman, un americano, un dos duros, un cosmos. Turbulento, carnal e sensual, comendo, bebendo e fornicando. Non é sentimental, nin erguido por riba de homes e mulleres, ou afastado deles, nin é máis modesto que inmodesto.... 81 R. 9961

***Gottland***

Szczygiel, Mariusz ; Barcia, Moisés. — Rinoceronte Editora, S.L., 2018.-- 245 ; 22 cm

Gottland compila unha serie de crónicas históricas, reportaxes e anécdotas sobre o período que vai dende a fin da Segunda Guerra Mundial ata o 2003, que retratan dunha forma erudita e amena a sociedade checa nunha época na que tivo que resignarse á falta de liberdades.

9 R. 9950

***Cando pasou o que pasou***

Regueira Cereijo, Rosario.-- Editorial Toxosoutos, 2017.-- 169 ; 20 cm

Pepe saltou pola fiestra do Castelo de San Antón; nadou na badía de A Coruña e chegou salvo a terra. Pero os fascistas asasinárono antes de que pasaran dous meses. E con el mataron tamén, dalgún xeito, os fillos, o pai, a muller, as irmáns... A todo o seu entorno que tivo que reinventar a vida para seguir adiante.

9 R. 9971

***Crónicas de Jean Froissanrt. A conquista de Galiza e León (1386-87)***

Nogueira Santiago, Paulo.-- Editorial Toxosoutos, 2017.--  
137 ; 21 cm

Agora, por primeira vez, Paulo Nogueira, preséntanos a tradución completa de toda a estadía e andanzas do duque de Lancaster e dos que o acompañaban, no só en Galicia, senón dende que desembarcan na Coruña ata que regresan a Inglaterra dende o Porto. Unha achega, sen dúbida, de extraordinaria importancia para a nosa historiografía, agardada con degoiro dende hai máis de 150 anos por curiosos, eruditos e historiadores, dende o mesmo intre que Fernando Fulgosio deu a coñecer como primicia, na Crónica de la provincia de Orense, os sucesos ocorridos en Ribadavia en 1386.

9 R. 9972

***Conversos na fronteira galego-portuguesa.  
(Conversos, verdadeiro xudaísmo ou unha  
cultura ancestral)***

González Rouco, Roberto.-- Editorial Toxosoutos, 2017.--  
233 ; 21 cm

O estudio da sociedade conversa en Galicia e alén desta terra, trata sobre os acontecementos que sucederon no mundo dos conversos de xudeu. Analizar e reflexionar sobre ese mundo a través da bibliografía e a documentación. O que pretendo e dar a coñecer un mundo descoñecido pola maioría dos habitantes deste país, cal foi a orixe e evolución dos conversos de xudeu na Península ao longo da idade moderna.

9 R. 9973